

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE CARIÑO (A CORUÑA)  
CELEBRADO O DÍA 13 DE SETEMBRO DE 2019**

**ASISTENTES**

**ALCALDE**

José M. Alonso Pumar

**CONCELLEIROS/AS**

**GRUPO P.S.deG-PSOE:**

Jonathan I. Miranda Lucas

M<sup>a</sup> José Fraguela López

Alberto Iglesias Fraguela

Ana B. Gómez Aneiros

**GRUPO PP:**

Ana M<sup>a</sup> López Fernández

M<sup>a</sup> Elisa Rodríguez Cornide

**GRUPO MIXTO:**

X. Uxío Cerecedo González

**AUSENTES:**

José Luís Pérez Pérez

Ana I. Fachal Fraguela

Carmen del Río Fraguela

**SECRETARIA ACCTAL.**

M<sup>a</sup> Dolores Crego López

**INTERVENTORA:**

Ausente

Na Casa do Concello, ás vinte horas do día vinte e seis de xullo de dous mil dezanove, reúnen os/as Sres/as Concelleiros/as á marxe reseñados/as, baixo a presidencia do Alcalde, José Miguel Alonso Pumar. Asiste a Secretaria da Corporación, Alejandra Pardo Vázquez. O obxecto da reunión é realizar sesión ordinaria. Adóptanse os acordos que a continuación se transcriben.

**ORDE DO DIA:**

**UNICO.- PARTICIPACIÓN NA 2ª FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) ADICIONAL 1/2019**

Avenida da Paz, 2 - 15360 Cariño (A Coruña)

Telf. 981 405 064 - Fax. 981 405 029 - [concello@concellodecarino.gal](mailto:concello@concellodecarino.gal)

[www.concellodecarino.gal](http://www.concellodecarino.gal) – [www.visitacarino.gal](http://www.visitacarino.gal)

Visto o dictame da Comisión Informativa de Urbanismo, Servizos Básicos, Infraestruturas, Desenvolvemento Local e Turismo que tivo lugar o 10 de setembro deste ano.

O Sr. Alcalde explica que se convocou este pleno extraordinario para participar na 2ª fase do Plan Único de Concellos, e explica os investimentos que se van solicitar.

Na quenda de intervencións, faino en primeiro lugar o portavoz do Grupo Mixto, D. Uxío Cerecedo, que di que non lle parecen mal os investimentos e pregunta cal é o criterio para decidir cal é que se vai facer.

O Sr. Alcalde aclara que nuns casos o deterioro, a situación física da pista, e a petición dos veciños. Explica que o da situación física refírese que neste caso incluíronse pistas que levan tramos que non entran no plan de mellora de camiños do Agader, por teren tramos en núcleos urbanos, ou que leven renovación de servizos que tampouco entran.

Continua o Sr. Cerecedo e di que él referíase a se hai un listado de prioridades, ou unha planificación urbanística, e se non habería que facela, pois farían falta máis zonas de lecer, faría falta renovar a Praza da Gaia que está moi deteriorada, e non só renovar e asfaltar pistas. Di que lle chama a atención que só se pon un ano de garantía. Di que se vai abster por descoñecer os proxectos de urbanización futuros.

O Sr. Alcalde puntualiza que as obras de renovación de servizos suelen ter presupostos moi altos, como a rúa do Cadro. Neste caso intentouse un equilibrio. Por outro lado en canto á garantía, di que aínda que no proxecto vai un ano de garantía, na licitación esíxese máis, e incluso valórase máis ao que máis ofrece.

A Concelleira Dona Ana Lopez, do grupo popular, di que entende que son proxectos de mellora para os veciños, e van votar a favor.

No mesmo sentido se manifesta o portavoz do Grupo Socialista.

O Sr. Alcalde reitera que se aceptan suxerencias para plans futuros, que logo se mirarán e debatirán.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde somete a votación o dictame, e o Pleno corporativo, por sete votos a favor (grupo municipal socialista e popular) e unha abstención (grupo mixto) **ACORDA:**

1.- Participar na **2ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 1/2019** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, solicitando a aplicación do resto da maior achega provincial asignada non utilizada na 1ª Fase, aos investimentos financeiramente sostibles que se indican a continuación, e aprobar os correspondentes proxectos de obras ou pregos das subministracións:

Investimentos financeiramente sostibles	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
2ª Fase POS+ Adicional 1/2019			
Urbanización da Rúa do Cadro e Renovación de	126.295,06 €	0	126.295,06 €

Avenida da Paz, 2 - 15360 Cariño (A Coruña)

Telf. 981 405 064 - Fax. 981 405 029 - [concello@concellodecarino.gal](mailto:concello@concellodecarino.gal)

[www.concellodecarino.gal](http://www.concellodecarino.gal) – [www.visitacarino.gal](http://www.visitacarino.gal)

Servizos			
Pavimentación e outras melloras nos camiños de Campanario, Murela e Fontao	58.774,14 €	0	58.774,14 €
Reparacións no carril bici do Paseo Marítimo de Cariño e renovación da capa de rodadura	59.900 €	0	59.900 €
<b>TOTAL</b>	<b>244.969,20</b>	<b>0</b>	<b>244.969,20 €</b>

Maior achega provincial asignada ao concello	244.970,79 €
Maior achega provincial aplicada na 1ª Fase	0
Maior achega provincial aplicada na 2ª Fase	244.969,20 €

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Declarar que o concello ten crédito, e de ser o caso, que se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos financeiramente sostibles incluídos na 2ª Fase do POS+ Adicional 1/2019, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

-----  
Avenida da Paz, 2 - 15360 Cariño (A Coruña)

Telf. 981 405 064 - Fax. 981 405 029 - [concello@concellodecarino.gal](mailto:concello@concellodecarino.gal)

[www.concellodecarino.gal](http://www.concellodecarino.gal) – [www.visitacarino.gal](http://www.visitacarino.gal)

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión, sendo as nove horas e quince minutos.

O Alcalde

A Secretaria Acctal.

Asdo.- José M. Alonso Pumar

Asdo.- M<sup>a</sup> Dolores Crego López